

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Relación definitiva persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión dunha praza de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Boiro

ANUNCIO

RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS TRABALLADOR/A SOCIAL (PERSOAL LABORAL FIXO)

Por resolución de alcaldía de data 13/11/2024 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración:

“EXPEDIENTE: 6847/2022

ASUNTO: RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE BOIRO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

CÓDIGO DE PROCEDIMENTO: 1/2022

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 14/12/2022 aprobáronse, entre outros, as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización de emprego temporal.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 238 de data de 19 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do concello www.boiro.gal.

Con data 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio de dita convocatoria no BOE, abrindo o prazo de presentación de solicitudes e rematado o 26/01/2023.

Por Resolución de data de 14/03/2023, o alcalde presidente do Concello de Boiro, aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas neste proceso selectivo concedendo un prazo de dez días hábiles para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión provisional da persoa aspirante (publicada no BOP nº 54 de data 20/03/2023).

Rematado o prazo de emenda de solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de traballador/a social, persoal laboral fixo, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Boiro para a estabilización excepcional de emprego temporal de longa duración, e dispoñer a súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Esta relación definitiva de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse, así mesmo, na páxina web do concello www.boiro.gal

Relación definitiva de persoas admitidas:

| NIF | Nome | CELGA 4 |
|-----------|------------------------------|---------|
| ***4456** | ADRIANA ESTEVEZ BARROS | Exenta |
| ***0551** | ANA CRISTINA MOURO PEÑA | Exenta |
| ***3839** | MARIA JOSÉ TEMBRA PENEIREIRO | Exenta |
| ***6614** | MARÍA VILLAR LOUREIRO | Exenta |
| ***6531** | NATALIA ROMERO MARTÍNEZ | Exenta |

| NIF | Nome | CELGA 4 |
|-----------|--------------------------------|---------|
| ***6446** | PAOLA DÍAZ NORES | Exenta |
| ***7022** | ADRIANA VIEITES FREIRE | Exenta |
| ***8498** | BETANIA REY CEBREIRO | Exenta |
| ***4646** | GRACIELA RIVAS NOGUEIRA | Exenta |
| ***9954** | IRMA MARÍA SILVA GONZALEZ | Exenta |
| ***5936** | MARIA DOLORES MARTINEZ BECERRA | Exenta |
| ***8132** | MARIA REY TRILLO | Exenta |
| ***8180** | RAQUEL LOJO PROL | Exenta |
| ***2413** | SARA SANTAMARIA MARTINEZ | Exenta |

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Segundo.- Designar ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

| | | |
|---------------|------------|-------------------------------------|
| PRESIDENTE/A: | Titular | Severino Abalo Chouza |
| | Suplente | Beatriz González Vecín |
| VOGAIS | Titular 1 | Martín Blanco Buceta |
| | Suplente 1 | María Lopez Docampo |
| | Titular 2 | Alicia Nieto Camiño |
| | Suplente 2 | Jesús A. Tato Rial |
| | Titular 2 | Joaquina Lomba Fernández |
| | Suplente 2 | Mirian Hermo Suárez |
| SECRETARIO/A | Titular | María Mariño Poza |
| | Suplente | M ^a Dolores Franco López |

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL: 15/11/2024 ás 10:00 h.

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a listaxe definitiva das persoas admitidas, e convocar ós/ás aspirantes admitidos/as para o **XOVES 12 de DECEMBRO de 2024 ás 09:30 h.** no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro para a realización da proba correspondente á fase de oposición (base cuarta).

Publicarase previamente unha batería de preguntas indeterminada de 500 preguntas das que se extraerán as contidas na proba e serán as que figuren no portal web do Concello de Boiro ó día seguinte ó da publicación desta resolución no BOP.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da súa publicación.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.”

Boiro, 14 de novembro de 2024

O alcalde, José Ramón Romero García

2024/8142